



MEMORIA XUSTIFICATIVA - MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

1.- XUNTA CONSULTIVA EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

XUSTIFICACIÓN:

No DOG do 23.03.2022 publicouse o Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, como órgano de carácter consultivo en materia de ordenación do territorio e urbanismo no ámbito da Comunidade Autónoma. O artigo 2 deste decreto establece as competencias deste órgano.

Por outra banda, este Decreto modificou o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (disposición derradeira primeira)

Entre as modificacións, atópanse dúas que afectan a relación de postos de traballo. En concreto as dúas seguintes:

- *“5. Suprímese o punto 2.2. do artigo 13, denominado «Servizo Xurídico-Administrativo».*
- *7. Engádesse un número 2.5. no artigo 13, que queda redactado como segue: «2.5. A Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo. (...) 2.5.2. Para o desenvolvemento das funcións antes relacionadas, a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo contará co nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:*
 - *2.5.2.1. O Servizo de Apoio Xurídico- Administrativo.*
 - *2.5.2.2. O Servizo de Apoio Técnico.*

Á vista das novas funcións de asesoramento xurídico e técnico da Xunta Consultiva, é preciso dotar á nova Subdirección de persoal técnico e administrativo para o seu desenvolvemento.

Un dos obxectivos da Xunta Consultiva é o de colaborar coas entidades e administracións que o soliciten para resolver as dúbidas que xurdan ao tramitar expedientes administrativos. Na práctica detectouse que hai moitas dúbidas con unha clara compoñente técnica, derivada da propia materia urbanística. Por esta razón foi necesario crear un servizo de apoio técnico, que facilitará que se poida entrar a analizar as cuestións ou dúbidas de carácter técnico que poidan xurdir nestes expedientes e prestar así un mellor asesoramento, sendo tamén desexable que pola súa experiencia e formación continúe colaborando nesta función o persoal xurídico da Dirección Xeral que ata agora viña desempeñando esta tarefa.

En canto persoal administrativo, en virtude dos principios de publicidade e transparencia, todos os informes e consultas que se emitan pola Xunta Consultiva pasarán a publicarse na páxina web da Consellería, e no momento en que estea en funcionamento, na *Plataforma Urbanística Dixital de Galicia*, o que esixe unha actualización dinámica e a tempo real da información que vai estar a disposición de todos os interesados que así o precisen, o que determina o necesario reforzo do persoal administrativo.

Por esta razón é necesario modificar a Relación de postos de traballo da consellería no senso de dotar a Xunta consultiva con persoal suficiente que poida asumir todas as competencias encomendadas, xa que resulta insuficiente asumir tales funcións co persoal existente neste momento.

E consecuencia propónse a seguinte modificación da Relación de postos de traballo

CREACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO:

- **Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo**

Creada polo Decreto 36/2022. Segundo o artigo 11.3 do referido Decreto, a persoa titular da mesma deberá ser licenciada ou con grao en dereito, con experiencia en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

Propónse abrir a todas as administracións pola seguinte razón:

A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, é un órgano consultivo, con funcións asesoras e de tutela da lexislación vixente, que ademais constitúe un instrumento útil para elaborar proxectos de disposicións legais e a adopción das medidas necesarias para a adecuada coordinación e normalización dos instrumentos de ordenación territorial e urbanísticos de Galicia, e asumirá as funcións da anterior Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, que pasa a integrarse en dita Xunta Consultiva.

A nova Xunta Consultiva comprende, dentro do seu ámbito de actuación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma, as entidades locais galegas, así como os organismos públicos e as entidades de dereito público ou dependentes de ambas as dúas, os colexios profesionais e as organizacións empresariais.

Entre as funcións deste novo órgano consultivo destacan a emisión de informes a instancia dos concellos, relativos á interpretación da normativa urbanística vixente, o que lles facilitará o desenvolvemento das súas funcións a través dun órgano que poida colaborar directamente cos ditos concellos.

Neste punto, resulta moi relevante que os postos de traballo da Xunta consultiva poidan ser desempeñados por persoal funcionario pertencente sobre todo á

administración local, tanto polo seu coñecemento de primeira man tanto da normativa aplicable en dita administración como polos seus coñecementos dos expedientes que se tramitan nos concellos e que poden ser obxecto de consulta á Xunta Consultiva. En definitiva, o persoal da administración local posúe coñecementos da normativa reguladora do funcionamento do réxime local e tamén da normativa urbanística, requisito fundamental para o desenvolvemento das funcións requiridas.

Tamén cómpre destacar que tanto na Comisión Permanente como no Pleno da Xunta Consultiva, tamén están representados varios membros en representación da FEGAMP, o que reflicte a vinculación directa entre as funcións deste novo órgano e o funcionamento da administración municipal.

- **Xefatura de Servizo de Apoio Técnico**

Creada polo Decreto 36/2022. Para que poida executar as funcións técnicas que lle encomende a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo, e necesario que teña formación técnica nas competencias establecidas no Decreto 36/2022, isto é establecidas no Decreto 36/2022. Por esta razón perfílase para as seguintes escalas:

- ESA ESPECIAL (ESC. ARQUITECTOS)
- ESE1 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS)
- Proponse abrir a todas as administracións pola razón exposta no posto anterior.

- **Xefatura de área técnica**

Necesaria para o desenvolvemento das funcións técnicas da comisión. Perfilase para as mesmas escalas que a Xefatura do Servizo de Apoio Técnico, polas mesmas razóns:

- ESA ESPECIAL (ESC. ARQUITECTOS)
- ESE1 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS)

- **Xefatura de negociado**

Necesaria para o desenvolvemento do traballo administrativo do Servizo de Apoio Técnico

MODIFICACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO:

- **Posto MA.C05.00.000.15770.080 Xefatura de servizo xurídico-administrativo**



Pasa a depender da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo e a denominarse Xefatura de servizo de apoio xurídico-administrativo, tal como establece a disposición derradeira primeira do Decreto 36/2022, que modificou o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, de estrutura orgánica

- **Posto MA.C05.00.000.15770.082 Xefatura de Sección Xurídica I**
Continúa a depender da Xefatura de servizo de apoio xurídico-administrativo, pero aporta dentro da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo
- **Posto MA.C05.00.002.15770.025 Xefatura negociado**
E necesaria a modificación para o desenvolvemento do traballo administrativo do Servizo de apoio xurídico-administrativo, cuxo traballo se incrementou polas novas competencias establecidas polo Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Sen embargo, na Xefatura do Servizo de Autorizacións e Informes sectoriais, posto do que depende actualmente, o traballo administrativo é menor e é asumido polo resto do persoal do servizo.

2.- OUTRA MODIFICACIÓN

CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO:

- **Secretaria/a conselleiro/a**
Con dependencia do Gabinete do/ conselleiro/a
Subgrupos C1-C2
Nivel 20
Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. (A11)
Xornada especial

XUSTIFICACIÓN:

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dispón dun so posto de Secretario/a do/a conselleiro/a, sen embargo, debido á carga de traballo existente é necesario crear un novo posto. Este posto serviría para o reparto de carga co existente, así como para colaborar co resto das secretarías das Direccións Xerais da Consellería, no caso de ausencias por enfermidade ou vacacións.

3.- FINANCIACIÓN DA PROPOSTA

Para financiar esta proposta propónse a amortización de varios postos que están vacantes e na súa maioría desocupados, por non seren esenciais para o desenvolvemento das necesidades da consellería.

AMORTIZACIÓNS DE POSTOS DE TRABALLO

- **Posto MA.C05.00.000.15770.004 Arquitecto/a – enxeñeiro/a**
Este posto está vacante e ocupado por un funcionario en adscrición provisional, pero na dirección xeral hai outro posto desocupado coas mesmas características ao que se pode adscribir a este funcionario.
- **Posto MA.C05.00.000.15770.030 Posto base subgrupo C2**
- **Posto MA.C05.00.000.15770.034 Posto base subgrupo C2**
- **Posto MA.C05.00.000.15770.038 Posto base subgrupo C2**

Estes tres postos da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e de Urbanismo están desocupados dende hai tempo e están vacantes dende a resolución do concurso de traslados da Administración Xeral.

- **Posto MA.C02.00.000.15770.051 Subalerno**
Este posto da Secretaría Xeral Técnica está vacante e desocupado dende o 10/01/2021, data do cese da súa titular por aprobar a promoción interna. Na actualidade hai outros postos de subalerno ocupados que son suficientes para atender as necesidades da consellería
- **Posto MA.C05.00.002.15770.002 Secretario/a do subdirector xeral**
Este posto da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo está vacante e desocupado dende o 01.12.2020.
- **Posto MA.C99.10.003.36001.006 Negociado de delineación**
Este posto do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial de Pontevedra está vacante e desocupado dende o 09.04.2019.
- **Posto MA.C99.10.000.32001.029 Posto base subgrupo C2**
Este posto da Xefatura Territorial de Ourense está vacante e desocupado dende o 21.11.2020, pola xubilación da súa titular. Este posto non é necesario, xa que na referida xefatura hai persoal auxiliar dabondo para cubrir as necesidades da mesma.

4.- PROPOSTA

CREACIÓNS DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO

Código posto	Denominación do posto	Forma de provisión	Grupo	Nivel	Corpo / escala	Adscripción	Titulación	Formación
MAC010000015770004	Secretario/a do/a conselleiro/a	LD	C1-C2	20	XERAL	A11		640
MAC050000315770001	Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo	LD	A1	30	XERAL	A12	2062	640 - Urbanismo
MAC050000315770020	Xefatura de Servizo de Apoio Técnico	CE	A1	28A	ESA - ESE1	A12		640 - Urbanismo
MAC050000315770021	Xefatura de Área técnica	C	A1	26	ESA - ESE1	AXG		Urbanismo
MAC050000315770025	Xefatura de negociado	C	A2 - C1 - C2	18	XERAL	AXG		

MODIFICACIÓNS DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO:

Código posto	Denominación do posto	Código posto despois da modificación	Formación
MAC050000015770080	Xefatura de Servizo Xurídico-Administrativo	MAC050000315770010	Urbanismo
MAC050000015770082	Xefatura de Sección Xurídica	MAC050000315770015	Urbanismo
MAC050000215770025	Xefatura de Negociado	MAC050000315770011	

AMORTIZACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO:

Código do posto	Denominación	Subgrupo	Nivel	Liña orzamentaria
MAC050000015770004	ARQUITECTO/A - ENXEÑEIRO/A	A1	26	516
MAC050000015770030	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12	527
MAC050000015770034	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12	527
MAC050000015770038	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12	527
MAC050000215770002	SECRETARIO/A DO/A SUBDIRECTOR/A XERAL	C1	16	536
MAC991000336001006	NEGOCIADO DELINEACIÓN	C1	18	524
MAC020000015770051	SUBALTERNO/A	AP	10	4656
MAC991000032001029	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12	1252

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouso Montero